

CADERNO DE ORIENTACIÓN

BACHARELATO

Guía para o alumnado



ÍNDICE



1. ESTRUTURA DO SISTEMA EDUCATIVO

2. BACHARELATO

3. PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO

4. OPCIONS CO TÍTULO DE BACHARELATO

4.1 PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU)

4.2 UNIVERSIDADE

4.3 FORMACIÓN PROFESIONAL

4.4 ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

5. OPCIONS SEN O TÍTULO DE BACHARELATO


5.1 PROBA DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

5.2 BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS

6. RECURSOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1- ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO

SISTEMA EDUCATIVO LOMLOE



2- BACHARELATO

1º BACHARELATO



MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA	MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<ul style="list-style-type: none"> ■ FILOSOFÍA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA I ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA I ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA I (INGLÉS) ■ EDUCACIÓN FÍSICA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ FILOSOFÍA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA I ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA I ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA I (INGLÉS) ■ EDUCACIÓN FÍSICA
<ul style="list-style-type: none"> ■ MATEMÁTICAS I 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LATÍN I ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (<i>Escoller 1</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS ■ FÍSICA E QUÍMICA ■ DEBUXO TÉCNICO I ■ TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA I (<i>Escoller 2</i>) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ ECONOMÍA ■ GREGO I ■ HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO ■ LITERATURA UNIVERSAL ■ LATÍN I ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (<i>Escoller 2</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ ANATOMÍA APLICADA ■ ANTROPOLOXÍA ■ LITERATURA GALEGA DO SXX E ACTUALIDADE ■ CULTURA AUDIOVISUAL ■ TIC I ■ CULTURA CIENTÍFICA ■ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA I (<i>francés</i>) ■ TECNOLOXÍAS INTELIXENTES ■ 1 MATERIA DE MODALIDADE (<i>Escoller 1</i>) ■ RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA (<i>escoller 1</i>) 	

2º BACHARELATO



MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA	MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<ul style="list-style-type: none"> ■ HISTORIA DA FILOSOFÍA ■ HISTORIA DE ESPAÑA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA II ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA II ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA II (INGLÉS) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ HISTORIA DA FILOSOFIA ■ HISTORIA DE ESPAÑA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA II ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA II ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA II (INGLÉS)
<ul style="list-style-type: none"> ■ MATEMÁTICAS II ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (<i>Escoller 1</i>) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LATÍN II ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (<i>Escoller 1</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ BIOLOXÍA ■ FÍSICA ■ QUÍMICA ■ XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS ■ DEBUXO TÉCNICO II ■ TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA II (<i>Escoller 2</i>) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ GREGO II ■ EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO ■ XEOGRAFÍA ■ HISTORIA DA ARTE ■ LATÍN II ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (<i>Escoller 2</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS ■ PSICOLOXÍA ■ XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA ■ TIC II ■ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA II (<i>francés</i>) ■ TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA ■ 1 MATERIA MODALIDADE (<i>Escoller 1</i>) ■ RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA (<i>escoller 1</i>) 	

■ As ensinanzas de Bacharelato permítenche cursar estes estudos en función das túas preferencias: escoller unha modalidade, cunhas materias obrigatorias e outras de opción dentro de cada modalidade e outras optativas. Estas sucesivas eleccións configuran o teu **itinerario persoal**. É necesario que teñas unha idea clara do que queres estudar despois para poder deseñar o itinerario máis acorde coas túas preferencias e necesidades.

3- PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO

► PROMOCIÓN DE CURSO

■ No Bacharelato hai probas extraordinarias das materias nas que non se obtivo cualificación positiva. É dicir, o alumnado que non supere ou suspenda algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de facilitarlle a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria.

■ O alumnado acadará a **promoción de primeiro a segundo de bacharelato** cando **supere todas as materias cursadas** ou **teña avaliación negativa en dúas materias como máximo**.

◆ O alumnado que consiga a promoción ao segundo curso con materias pendentes do primeiro curso, deberá matricularse delas e recuperalas ao longo do segundo curso.

◆ O alumnado de primeiro de bacharelato que non cumpra as condicións de promoción establecidas deberá matricularse de todas as materias e repetir o primeiro curso na súa totalidade.

■ En bacharelato poderase permanecer cursando o réxime ordinario durante catro anos. O alumnado poderá repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo.

■ Materias de continuidade

As materias de idéntica denominación nos dous cursos son materias de aprendizaxe progresiva, é dicir, deberás superar a materia de 1º para poder ser avaliado/a da materia de 2º. En caso de non ter cursada a de 1º, poderás matricularte da materia de 2º sempre que o profesorado que a imparta considere que reúnes as condicións necesarias para aproveitar a materia de 2º, sendo o habitual matricularse das dúas, e a de 1º tería consideración de materia pendente.

** Na seguinte táboa tes a relación de materias de continuidade nas modalidades de Bacharelato impartidas no IES As Telleiras.*

1º Bacharelato	2º Bacharelato
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II
Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Tecnoloxía e Enxeñaría I	Tecnoloxía e Enxeñaría II
2ª Lingua estranxeira I (Francés)	2ª Lingua estranxeira II (Francés)
Tecnoloxías Información e Comunicación I	Tecnoloxías Información e Comunicación II
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Bioloxía Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Física e Química	Física Química

■ Cambio de modalidade ou vía

O alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade, con carácter xeral, antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso. O alumnado que cambie de modalidade ou vía deberá cursar e superar as seis materias específicas da nova modalidade ou vía escollida, a materia obrigatoria e dúas de opción correspondentes ao primeiro curso, e a materia obrigatoria e dúas de opción correspondentes ao segundo curso, así como todas as materias comúns e as materias optativas de primeiro e segundo curso.

► TÍTULO DE BACHARELATO

■ Para obter o **título de bacharelato** será necesaria a **avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato**.

■ **Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato do alumnado que supere todas as materias excepto unha**, sempre que se **cumpran todas as condicións seguintes**:

- ◆ Que o equipo docente considere que acadou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

- ◆ Que non houbo inasistencia continuada e non xustificada por parte do/a alumno/a a esa materia.

- ◆ Que o/a alumno/a se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

- ◆ Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias cursadas, que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se finaliza sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, a efectos de cálculo da cualificación final da etapa, se considerará a nota numérica obtida na materia non superada.

■ **O alumnado que ao terminar o segundo curso de bacharelato teña avaliación negativa nalgunhas materias poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderá optar, así mesmo, por repetir o curso completo.**

■ **Nota media da etapa**

A nota media normalizada da etapa obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, excepto a cualificación das ensinanzas de relixión, necesarias para obter o título de bacharelato pola modalidade ou vía elixida.

■ **Co título de Bacharelato poderás acceder ás ensinanzas superiores:**

- ◆ **Estudios universitarios de grao.**

- ◆ **Formación Profesional de Grao Superior.**

4- OPCIÓN CO TÍTULO DE BACHARELATO

4.1 PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU)

■ A PAU estrutúrase en dúas partes denominadas **Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria**.

◆ A **PARTE OBRIGATORIA** (que hai que superar como mínimo para o acceso á universidade), consta de cinco exames das seguintes materias:

- ① **Lingua Castelá e Literatura II**
- ② **Lingua Galega e Literatura II**
- ③ **Historia de España ou Historia da Filosofía (elixir 1)**
- ④ **1ª Lingua Estranxeira II: Inglés**
- ⑤ **Materia obrigatoria cursada de modalidade:**

Ciencias e Tecnoloxía: [Matemáticas II](#) ou [Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II](#)

Humanidades e Ciencias Sociais: [Latín II](#) ou [Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II](#)

A **cualificación** da Parte Obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios. Considerarase **superada a proba de PAU** cando o/a estudante obtivese unha nota igual ou superior a 5 puntos como resultado da media ponderada entre o 60% da nota media do bacharelato e o 40% da cualificación da Parte Obrigatoria, e sempre que obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria.

◆ A **PARTE VOLUNTARIA** serve para mellorar a nota de acceso á universidade.

Cada estudante poderá examinarse dun **máximo de 3 materias de modalidade de 2º curso de Bacharelato**, distintas das que se examinou na parte obrigatoria. Así mesmo, poderán examinarse dunha **segunda lingua estranxeira** distinta da que elixiron para a parte obrigatoria da PAU.

Parte voluntaria			
Materia común (a non elixida na parte obrigatoria)	Materias de modalidade obrigatorias (agás a realizada na parte obrigatoria) e de opción (cursadas ou non cursadas)	Materia optativa (cursada ou non cursada)	
Historia de España ou Historia da Filosofía	<ul style="list-style-type: none">- Análise Musical II- Artes Escénicas II- Bioloxía- Ciencias Xerais- Coro e Técnica Vocal II- Debuxo artístico II- Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II- Debuxo Técnico II- Deseño- Empresa e Deseño de Modelos de Negocio- Física- Xeografía- Xeoloxía e Ciencias Ambientais	<ul style="list-style-type: none">- Fundamentos Artísticos- Grego II- Química- Historia da Arte- Hª da Música e da Danza- Latín II- Literatura Dramática- Matemáticas II- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II- Movementos Culturais e Artísticos- Tecnoloxía e Enxeñaría II- Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica	<ul style="list-style-type: none">- Segunda Lingua Estranxeira II

► Na Parte Voluntaria debes **examinarte das materias** que se corresponden, en xeral, coa rama de coñecemento onde se inscribe a titulación que che interesa, e concretamente, que **ponderan** o seu valor (multiplicando por 0,1 ou 0,2) **para o grao ou graos aos que desexas acceder**.

► **Dentro de cada rama universitaria, cada universidade poderá sinalar as materias concretas que considera prioritarias para un determinado título.** Así que se xa sabes que titulación queres estudar, o mellor é que consultes as táboas de ponderación que publican as universidades e onde se informa do valor ponderado que se lle concede ás materias concretas de bacharelato que son obxecto de exame na Parte Voluntaria. <http://ciug.gal/>

■ SUPERACIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

Considérase superada a proba de acceso á universidade cando o/a estudante obtivese unha **nota igual ou superior a cinco puntos**, como resultado da **media ponderada do 60% da nota media do bacharelato e o 40% da cualificación da parte obrigatoria** e sempre que obtivese un mínimo de catro puntos na cualificación da parte obrigatoria.

■ NOTA DE ADMISIÓN

$$\text{Nota de admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB= Nota media do Bacharelato
CPO= Cualificación da Parte Obrigatoria
M1,M2= Cualificación dun máximo de dúas das tres materias das que se examine o/a alumno/a na Parte Voluntaria, e/ou da materia troncal de modalidade, que proporcione mellor nota de acceso.
a,b= Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria, e/ou materia troncal de modalidade, que proporcione mellor nota de acceso.

A **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria, sempre que estean adscritas á **rama de coñecemento** do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos **parámetros de ponderación** establecidos polo SUG.

- ◆ **Calendario PAU e admisión e matrícula SUG:** ciug.gal
- ◆ **NERTA (Xestión de acceso ao SUG):** www.edu.xunta.es/nerta

4.2 UNIVERSIDADE

■ OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS organízanse en:

1º) **GRAO**: Obtense o título de graduado.

2º) **POSGRAO**:

- **MASTER**: accédese tras a superación dun grao, e consiste nunha formación especializada e máis avanzada. Obtense o título de máster.
- **DOUTORAMENTO**: accédese tras a superación dun máster, e consiste nunha formación avanzada en técnicas de investigación. Obtense o título de doutor/a.

Todos estes títulos están organizados en **5 ramas de coñecemento**, que coinciden, máis ou menos, coas modalidades de bacharelato. A cada rama de coñecemento pertencen os diferentes títulos de grao que se ofertan nas universidades.

1. Artes e Humanidades

2. Ciencias

3. Ciencias da Saúde

4. Enxeñaría e Arquitectura

5. Ciencias Sociais e Xurídicas

Os **plans de estudos dos graos universitarios** terán aproximadamente entre 240 créditos de formación teórica e práctica que corresponde a catro cursos, de tal xeito que cada estudante realiza 60 créditos en cada curso escolar. Algúns graos poden ter máis créditos: Arquitectura (330), Medicina (360), Farmacia (300), Odontoloxía (300) e Veterinaria (300).

O número de créditos de cada titulación distribúese entre a totalidade das materias integradas no plan de estudos que deba cursar.

O crédito ECTS: EUROPEAN CREDIT TRANSFER SYSTEM é a unidade de medida académica en que se expresa o traballo total do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos:

- As horas de clase: teóricas e prácticas.
- Esfuerzo dedicado ao estudo.
- A preparación e realización de exames.
- As horas dedicadas a seminarios, proxectos, traballos,...

Nas seguintes táboas tes todos os estudos oficiais de grao, agrupados nas cinco áreas de coñecemento, que se ofertan no sistema universitario de Galicia (SUG).

ARTES E HUMANIDADES

Belas Artes
Deseño
Filoloxía Aplicada Galega e Española
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
Filoloxía Clásica
Filosofía
Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
Historia
Historia da Arte
Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios
Lingua e Literatura Españolas
Lingua e Literatura Galegas
Lingua e Literatura Inglesas
Linguas e Literaturas Modernas
Linguas Estranxeiras
Tradución e Interpretación
Xeografía e Historia
Xestión Cultural
Xestión Dixital da Información e Documentación

CIENCIAS

Bioloxía
Biotecnoloxía
Bioquímica
Ciencias Ambientais
Ciencias do Mar
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
Física
Matemáticas
Nanociencia e Nanotecnoloxía
Química

CIENCIAS DA SAÚDE

Enfermería
Farmacia
Fisioterapia
Logopedia
Medicina
Nutrición Humana e Dietética
Odontoloxía
Óptica e Optometría
Podoloxía
Psicoloxía
Terapia ocupacional
Veterinaria

ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA

Arquitectura técnica
Ciencia e Enxeñaría de Datos
Enxeñaría Aeroespacial
Enxeñaría Agraria
Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
Enxeñaría Biomédica (tamén PCEOs)
Enxeñaría Civil
Enxeñaría de Automoción con mención dual
Enxeñaría da Enerxía
Enxeñaría de Obras Públicas
Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Enxeñaría Eléctrica
Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto
Enxeñaría en Organización Industrial
Enxeñaría en Química Industrial
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
Enxeñaría Forestal
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
Enxeñaría Informática
Enxeñaría Mecánica
Enxeñaría Química
Estudos de Arquitectura
Intelixencia Artificial
Máquinas Navais
Náutica e Transporte Marítimo
Paisaxe
Robótica
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Administración e Dirección de Empresas
Ciencias da Actividade Física e do Deporte (proba específica de acceso)
Ciencia Política e da Administración
Ciencias Empresariais
Comercio
Comunicación Audiovisual
Creación Dixital, Animación e Videoxogos
Criminoloxía
Dereito
Dirección e Xestión Pública
Economía
Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Social
Empresa e Tecnoloxía
Mestre Educación Infantil
Mestre Educación Primaria
Pedagogía
Publicidade e Relacións Públicas
Relacións Internacionais
Relacións Laborais e Recursos Humanos
Socioloxía
Traballo Social
Turismo
Xeografía e Ordenación do Territorio
Xestión de Empresas Hostaleiras
Xestión industrial da Moda (requisito idioma)
Xornalismo

DOBRES GRAOS

- Grao de administración e dirección de empresas e grao de dereito
- Grao de turismo e xeografía e historia
- Grao de administración e dirección de empresas e enx. informática
- Grao en informática e grao en intelixencia artificial
- Grao en enxeñaría agraria e grao en ciencias ambientais
- Grao en enxeñaría agraria e grao en ciencias e tecnoloxía alimentos
- Grao en comunicación audiovisual e periodismo
- Grao en dereito e relacións laborais
- Grao en enxeñaría informática e matemáticas
- Grao en matemáticas e física
- Grao en química e bioloxía
- Grao en química e física
- Grao en farmacia e óptica e optometría
- Mestre de educación infantil e mestre de educación primaria
- Grao en enxeñaría agrícola e agroalimentaria e enxeñaría forestal
- Grao de ciencias empresariais e turismo
- Grao de español e galego e portugués
- Grao de inglés e español
- Grao de inglés e galego e portugués
- Grao en enxeñaría mecánica e enxeñaría naval e oceánica

- Grao en informática e en ciencia e enxeñaría de datos
- PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática
- PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica
- PCEO Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática

GRAOS ABERTOS

- Grao aberto USC Enxeñarías pola USC
- Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas
- Grao Aberto en Enxeñaría Industrial

4.3 FORMACIÓN PROFESIONAL

www.edu.xunta.gal/fp

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado dunha profesión.

■ OFERTA DE FORMACIÓN PROFESIONAL

A Formación Profesional organízase nas diversas ramas profesionais que se representan nos logotipos que podes ver a continuación:



Cada unha das familias profesionais inclúe unha oferta formativa que integra ciclos formativos de grao básico, grao medio, grao superior e cursos de especialización.

Recoméndase buscar información sobre os ciclos formativos de grao medio (CS) :

► Folletos informativos: www.edu.xunta.gal/fp/folletos

► Buscador de ciclos: www.edu.xunta.gal/fp/ciclos

■ A FORMACIÓN PROFESIONAL pódese cursar por varios réximes:

- **No réxime ordinario:** por curso completo e na modalidade presencial.
 - **No réxime de adultos:** por curso completo ou de xeito parcial, por módulos formativos, nas modalidades tanto presencial como a distancia.
 - **No réxime dual:** formación compartida entre o centro e unha empresa coa que se realiza un convenio. A estancia na empresa é remunerada a través dun contrato de formación.
- Para realizar a matrícula no réxime modular e dual é preciso ter cumpridos os 18 anos no natural no que se inicien os estudos.

■ REQUISITOS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

(Réxime ordinario)

- Título de Bacharelato.
- Título de Técnico de grado Medio de Formación Profesional.
- Proba de acceso (con 19 anos cumpridos no ano de realización da proba).

Na cota de acceso xeral, a distribución de prazas será a seguinte:

- * **Grupo 1** (entre 75% e 85%). Co título de bacharelato e técnicos de ciclo medio
- * **Grupo 2** (entre 10% e 20%). Coa proba de acceso a ciclos formativos superada.
- * **Grupo 3** (ata 10%).

■ ADMISIÓN E MATRÍCULA CICLOS GRAO SUPERIOR

O calendario de admisión e matrícula na Formación Profesional publicarase, aproximadamente no mes de xuño, na páxina web www.edu.xunta.gal xunto coas instrucións sobre o procedemento: prazos de presentación de solicitudes, de adxudicación de praza e de formalización de matrícula.

■ QUE TITULACIÓN SE OBTÉN CO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR?

- Obtense o **Título de Técnico Superior** na profesión correspondente.

■ QUE SAÍDAS TEÑEN OS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR?

☞ **Acceso á universidade:** co título de técnico superior de formación profesional poderase acceder ás ensinanzas universitarias, sendo a nota de admisión a media acadada no ciclo formativo.

☞ **Validacións de materias do título universitario:** é posible o recoñecemento de créditos universitarios mediante a validación de materias, polo que se debe consultar a web de www.edu.xunta.gal/fp/ no apartado “validacións”.

☞ **Acceso ao mercado laboral:** a obtención do título de técnico superior de formación profesional permite a incorporación da persoa ao mercado laboral, posibilitándolle o desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional.

■ ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS www.edu.xunta.gal/portal/node/2535

◆ MÚSICA

Ensinanzas de música regradas: estúdanse en conservatorios de música e centros autorizados de música e obtense un título con validez académica e profesional.

Ensinanzas de música non regradas: estúdanse nas escolas de música e obtense un certificado.

Como se organizan as ensinanzas de música? Que titulación se acada? Onde se estuda?

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** consta de 4 cursos académicos.
- **Ensinanzas de Grao Profesional:** consta de 6 cursos, accédese mediante proba, e o alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o título de Técnico de Ensinanzas Profesionais de Música.

En Ferrol, ofértase no Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño.

- **Ensinanzas de Grao Superior:** consta de 4 cursos, accédes co título de bacharelato ou equivalente e tras superar unha proba específica para cada especialidade, e obtense o título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música

En Galicia ofértanse nos Conservatorios Superiores de Música (A Coruña e Vigo).

◆ DANZA

Ensinanzas de danza regradas: estúdanse en conservatorios de danza e centros autorizados de danza e obtense un título con validez académica e profesional.

Ensinanzas de danza non regradas: estúdanse nas escolas de danza e obtense un certificado.

Como se organizan as ensinanzas de danza? Que titulación se acada? Onde se estuda?

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** consta de 4 cursos académicos.
- **Ensinanzas de Grao Profesional:** consta de 6 cursos, accédese mediante proba, e o alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o título de Técnico de Ensinanzas Profesionais de Danza.
- **Ensinanzas de Grao Superior:** consta de 4 cursos, accédese co título de bacharelato ou equivalente e tras superar unha proba específica para cada especialidade, e obtense o título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Danza.

En Galicia non se oferta o Grao Superior.

◆ ENSINANZAS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Comprenden estudos relacionados coas artes aplicadas, oficios artísticos, diversas modalidades de deseño e conservación e restauración de bens culturais. As ensinanzas profesionais organízanse en ciclos de formación específica (de grao medio e superior).

Co título de Bacharelato podes acceder aos ciclos formativos de grao superior.

Accédese, **directamente** sen ter que superar ningunha proba, co **título do Bacharelato de Artes ou ter un título de técnico en artes plásticas e deseño**. Pódese acceder **con outra modalidade de Bacharelato ou cun título de técnico ou técnica en formación profesional** e coa superación dunha **proba específica** relacionada con debuxo, artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos.

As ensinanzas de artes plásticas e deseño ofértanse nas Escolas de arte de Galicia:

- Mestre Mateo (Santiago)
- Escola de arte Pablo Picasso (A Coruña)
- Escola de arte Ramón Falcón (Lugo)
- Escola de arte Antonio Faílde (Ourense)

◆ ESTUDOS SUPERIORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

- **Conservación e restauración de bens culturais:** trátase dun grao universitario ao que se accede co título superior de artes plásticas e deseño ou co título de bacharelato máis proba específica. Existe en Galicia unha única Escola de Conservación e Restauración, que se atopa en **Pontevedra**, e imparte as especialidades de **escultura, pintura e arqueoloxía**.
- **Estudos superiores de deseño:** trátase dun grao universitario ao que se accede co título superior de artes plásticas e deseño ou co título de bacharelato máis proba específica. Estúdase nas escolas de arte de Galicia.

◆ ARTE DRAMÁTICA

Ensinanzas equivalentes a un grao universitario, de 4 anos de duración que culminan coa obtención do Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática.

- Estrutúranse en 3 especialidades:
 - Dirección de escena e dramaturxia
 - Escenografía
 - Interpretación
- Acceso: co título de Bacharelato e superar unha proba específica para cada especialidade.
En Galicia pódense cursar estes estudos na ESAD de Vigo.

■ ENSEÑANZAS TÉCNICO-DEPORTIVAS

Teñen como finalidade a formación de adestradores, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva, e se organizan en ciclos de formación específica de grao medio e superior.

Acceso a ciclos de grao superior: Co título da ESO e a superación dunha proba específica.

Co título de técnico deportivo na especialidade.

Titulación: **Título de técnico superior deportivo na especialidade estudada.**

■ ENSEÑANZAS DE IDIOMAS

As ensinanzas de idiomas realízanse nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), que son centros especializados no ensino dos idiomas.

As ensinanzas de idiomas organízanse en diversos niveis:

- Básico (A1-A2)
- Intermedio (B1)
- Avanzado (B2)
- Especialización (C1-C2)

Co título de Bacharelato terás acceso ao nivel intermedio (B1).

Tamén se convocan probas libres de nivel para obter certificado e o acceso a calquera dos cursos.

Coa superación de cada un dos niveis acádase un certificado.

5- OPCIÓN S EN O TÍTULO DE BACHARELATO

5.1 PROBA DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

Poderán acceder aos ciclos superiores mediante proba, as persoas que non reúnan os requisitos académicos e teñan cumpridos 19 anos no ano de realización da proba. No acceso a ciclos mediante proba resérvase entre 10% 20% das prazas, e terase en conta a nota media acadada.

A proba ten dúas partes:

Parte común : consta de tres exames de materias matemáticas, lingua castelá e galega.

Parte específica: organízase en tres opcións, A, B e C en función do ciclo superior ao que desexes acceder (**revisar táboa**), e dentro da opción elixida escolleranse dúas materias.

- **Opción A:** economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía.
- **Opción B:** debuxo técnico, tecnoloxía industrial e física.
- **Opción C:** ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

OPCIÓN A	OPCIÓN B	OPCIÓN C
Administración e xestión	Artes gráficas	Agraria
Comercio e márketing	Edificación e obra civil	Actividades físicas e deportivas
Hostalaría e turismo	Electricidade e electrónica	Imaxe persoal
Servizos socioculturais e á comunidade	Enerxía e auga	Industrias alimentarias
Imaxe e son	Fabricación mecánica	Marítimo-pesqueiras (só o ciclo superior de Acuicultura)
(só o Ciclo Superior de Producción de audiovisuais e espectáculos)	Imaxe e son (agás o ciclo de Producción de Audiovisuais e Espectáculos)	Química
	Informática e comunicacións	Sanidade
	Instalación e mantemento	Seguridade e medio ambiente
	Industrias extractivas	
	Fabricación mecánica	
	Madeira, moble e cortiza	
	Marítimo- pesqueira (agás o ciclo superior de Acuicultura)	
	Transporte e mantemento de vehículos	
	Téxtil, confección e pel	
	Vidro e cerámica	

► Nesta páxina web podes atopar información xeral sobre as probas de acceso, así como modelos de exames de anteriores convocatorias: www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio

► Nesta páxina web actualízase a información e o procedemento das probas de acceso na convocatoria actual: www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual

■ Ensinanzas conducentes á obtención do título de bacharelato dirixidas a persoas adultas.

■ Como se organizan estas ensinanzas?

- ◆ *Modalidade presencial*, posibilidade de realizar ou completar os estudos de bacharelato, coa mesma estrutura que o réxime ordinario e mediante unha ensinanza presencial.
- ◆ *Modalidade semipresencial*, esixe a asistencia obrigatoria a todas as titorías de cada materia (unha hora semanal por cada materia que se curse).
- ◆ *Modalidade a distancia*, con titorías telemáticas, non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores realízase a través da aula virtual do IES San Clemente.

■ Onde se estuda o bacharelato de adultos?

A modalidade presencial ofértase no IES Concepción Arenal (Ferrol).

A modalidade semipresencial ofértase na EPAPU Santa María de Caranza (Ferrol).

A modalidade a distancia ofértase no IES San Clemente (Santiago de Compostela).

■ Que certificación se obtén?

Aos alumnos e alumnas que logren a avaliación positiva de todas as materias dun itinerario formativo expediráselles o título de bacharel na modalidade que se complete.

Cando non se rematen os estudos, os directores dos centros emitirán unha acreditación onde consten as materias cursadas e a cualificación obtida.

6- RECURSOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

IES AS TELLEIRAS

www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/

BLOG DE ORIENTACIÓN DO IES AS TELLEIRAS

<https://elorienta.com/telleiras/>

FORMACIÓN PROFESIONAL

www.edu.xunta.gal

www.todofp.es

Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) <http://ciug.gal/>

UNIVERSIDADES

- UNIVERSIDADE DE A CORUÑA www.usc.gal
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO www.udc.gal
- UNIVERSIDADE DE VIGO www.uvigo.gal

ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: www.edu.xunta.gal/portal/es/eea

ENSINANZAS DE ADULTOS: www.edu.xunta.gal/portal/ea

ENSINANZAS ARTÍSTICAS: www.edu.xunta.gal/portal/node/2535

FORZAS ARMADAS: www.reclutamento.defensa.gob.es

MINISTERIO DE EDUCACIÓN: www.educacionfpydeportes.gob.es

BECAS www.becaseducacion.gob.es

GUÍA DE STUDOS SUPERIORES <https://estudiarengalicia.lavozdeg Galicia.es>

Aplicación QEDU: www.universidades.gob.es/donde-estudiar/